

MOCIÓN DE AER SOBRE O PATRIMONIO DE RANDE

PLENO 4 ABRIL 2013. ACTA 7/2013

A protección patrimonial e cultural do contorno da Ponte de Rande está un pouco no ar toda ela (por expresalo dalgún xeito). Todo o patrimonio que aparece no contorno é digno de protección de xeito xenérico na nosa lexislación de patrimonio cultural, pero carece dunha protección singularizada e concreta para cada ben de xeito individual, isto provoca que os diferentes elementos que aparecen no contorno estean nun baleiro legal que á hora da verdade os deixa vendidos ao mellor postor... Todo este patrimonio histórico e cultural está ameazado pola posible ampliación da AP-9 en Rande e Chapela. Como sempre, falla a regulación por parte da administración local (Concello de RedondeLA mediante un PXOM ou unha norma urbanística particular para este contorno), que debería marcar as pautas sobre cada un dos elementos para protexer e indicar o seu grado de protección.

Paso a enumerar os diferentes restos no contorno acompañados do seu posible nivel de protección legal:

1. “O Castelo de Rande”: o único vestixio que resta das defensas terrestres relacionadas co coñecido feito histórico que representa a Batalla de Rande.

Parece que a ampliación da ponte nesta zona pasaría pola construción de novos pilares, alterando (no mellor dos casos, ou destruíndo absolutamente no peor) a citada fortaleza.

É o único elemento patrimonial afectado de xeito directo pola ampliación.

Semella que para a ampliación da ponte debería trasladarse o monumento ou poñerse en valor o que reste da súa destrución polas obras de ampliación.

Se as obras da ponte van afectar á fortaleza deberá ser obxecto dunha escavación máis exhaustiva en toda a área que ocupe o xacemento.

2. “Cargadeiro do Alemán”, ou “Cargadeiro Cantilever”: Estrutura aérea de formigón sobre a que se localiza un ramal ferroviario que permitía que os vagóns cargados de mineral puideran achegarse ate a beiramar, e mediante unha estrutura tipo “cantilever” sen piares, o mineral era cargado nos barcos.

Como no caso da fortaleza, como non existe unha declaración individualizada do elemento, pode argumentarse que non está protexido pola lei. Pero como está dentro das marxes de protección do castelo de Rande a cousa troca xa que forma parte do seu contorno.

Non está afectada pola obra de forma directa pero polo achegamento corre outros riscos a maiores cos propios desterres e a construción da infraestrutura. Poderá pedirse que se faga un estudo de impacto en relación a este elemento pola afección visual da nova ampliación da Ponte (moi remoto que vaia adiante), pero, o que é máis importante, deberá preservarse durante unha posible obra de ampliación a súa integridade, valando o seu contorno e impedindo que sexa obxecto de alteracións debidas a desterres nas inmediacións, acopios de entullos ou calquera outros materiais, etc...

3. O xacemento arqueolóxico dos Pecios da Batalla: Non temos que comentar a importancia histórica e arqueolóxica deste xacemento, un dos máis grandes de Europa.

Estaría composto polos restos de embarcación que como resultado da Batalla de Rande foron a pique na Enseada. Descoñecemos a situación exacta dos pecios (é un segredo da

administración para impedir posibles espolios), aínda que polas referencias orais e polos mapas dos buscadores coñecemos a existencia dalgún deles nas inmediacións da Ponte. Non van estar afectados pola obra de xeito directo (a empresa construtora esquivou esta eventualidade de poñer piares no mar ademais pola propia protección da rede natura 2000...). Como no caso do cargadoiro haberá que protexer aos xacementos subacuáticos ante eventuais afeccións por parte das obras (afeccións que polo noso grado de coñecemento do detalle das obras descoñecemos).

4. Contorno de Rande: Ademais destes elementos que de forma directa ou indirecta están afectados pola obra existen outros bens patrimoniais que forman parte de Rande e que na nosa consideración estaría formando un conxunto que nós consideramos tería a categoría de “Paisaxe Cultural”, entendendo por esta, as paisaxes novas xurdidas como froito das transformacións provocadas pola industrialización.

Este feito mesturado co da Batalla de Rande e os restos a ela vinculados acrecenta a imaxe de Rande coma unha “Paisaxe Cultural”, ou “Paisaxe Histórica”, ou “Territorio Histórico” como lle chama a lei aos *“lugares ou paraxes naturais vinculados a acontecementos ou recordos do pasado, creacións culturais ou da natureza, e a obras do home que posúan valores históricos ou técnicos.”*

- a) A Fábrica do Alemán:
- b) Os Cargadeiros de Mineral:
- c) A Ponte de Rande:
- d) Dúas pontes do ferrocarril: un deles de máis de 18 metros de van.
- e) O porto e Praia de Rande
- f) Un grupo de bateas inmediato ao estreito.

E por se isto fose pouco:

- g) Os restos da Fortaleza de Rande
- h) O xacemento arqueolóxico subacuático da Batalla de Rande: Composto por máis de 25 pecios dos que polo menos 6 están próximos a Fábrica do Alemán.

A maiores de todo isto podería iniciarse a incoación de expediente para a declaración de BIC da Fortaleza, segundo a lei:

Artigo 9. Procedemento de declaración.

1.- A declaración de ben de interese cultural requirirá a previa incoación e tramitación do expediente administrativo pola Consellería de Cultura. A iniciación do expediente poderase realizar de oficio ou ben por instancia de parte por calquera persoa física ou xurídica.

2.- No caso de iniciarse por instancia de parte, a denegación da incoación será motivada e deberáselles notificar ós solicitantes.

A incoación do expediente de BIC ten unhas consecuencias claras sobre a obra de construción da Ponte, porque:

Artigo 35. Incoación e suspensión de licencias.

1.- A incoación dun expediente de declaración de ben de interese cultural respecto dun inmovible determinará a suspensión das correspondentes licencias municipais de parcelación, edificación ou demolición nas zonas afectadas, así como dos efectos das xa outorgadas. A suspensión dependerá da resolución ou caducidade do expediente incoado.

2.- As obras que, por causa de forza maior, interese xeral ou urxencia, deben realizarse con carácter inaprazable precisarán, en todo caso, autorización dos organismos competentes da Consellería de Cultura.

Por todo o anteriormente exposto e co fin de preservar o noso patrimonio histórico e cultural, máis agora ante a posible ampliación da AP-9 en Rande e Chapela, a Agrupación Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello o seguinte acordo:

Solicitar a incoación de expediente para a declaración de BIC dos restos da Fortaleza de Rande, así como o “Cargadeiro do Alemán”, o xacemento arqueolóxico dos Pecios da Batalla e do Contorno de Rande.

VOTACIÓN E ACORDO.-

A Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acorda aproba-la moción transcrita nos antecedentes.